



# AUTENTICIDADE, IMITACIÓN E PARODIA NA LINGUA DOS VILANCICOS “EN GALEGO” DO SÉCULO XVII

**Rosario Álvarez**

Universidade de Santiago de Compostela

Perante un auditorio coma o presente é escusado demorarse en explicar que tras un período medieval, en que se produce unha grande literatura e abundantísima prosa tabeliónica, a escrita en galego se apaga durante a Idade Moderna, ata que comeza a rexurdir no séc. XIX. En cambio, si pode ser preciso lembrar que hai indicios certos da existencia dun outro tipo de literatura, moito máis circunstancial e por iso efémera, que correría manuscrita ou en folla solta, soportes estes pouco valiosos e menos susceptibles de ser conservados como ben patrimonial. A carón deles —se non entre eles—, cómpre citar os vilancicos litúrxicos “en galego” que se cantaron nos séc. XVII e XVIII en catedrais, capelas reais, conventos..., en moi diversos lugares do mundo hispánico<sup>1</sup>.

## 1. A presenza *do galego* nos vilancicos de nadal

Tanto a literatura coma o refraneiro ofrecen mostras abondas de que no séc. XVII, no centro e sur da península, a imaxe que se ten dos galegos é moi negativa; por iso é doado comprender por que nun certo tipo de vilancicos estes trazos minusvalorativos son explotados para divertir o auditorio, co galego convertido nun personaxe cómico, ó que axuda tamén a caricaturización da súa lingua. Pero iso non ocorre en tódolos casos, e de feito noutro tipo de vilancicos “en galego” —ó que parece nos primeiros— é frecuente que sexa unha figura descrita co verismo naturalista característico do barroco español, moi evidente no caso da pintura<sup>2</sup>: o campesiño galego, paradigma

<sup>1</sup> Non é o lugar de nos ocuparmos da evolución *do vilancico ou panxoliña*, nin do nacemento e tipoloxía destas pezas litúrxicas en romance, para o que remitimos á bibliografía especializada; nos mesmos lugares pódese atopar información sobre os vilancicos “de galegos”, fronte ós vilancicos “en galego” (*vid.*, en particular, Villanueva 1994).

<sup>2</sup> Pénsese na elegancia e optimismo ante a vida do mendigo do pé tolleito de Ribera (1652), nos nenos comendo sandía de Murillo (c.1650) ou nos borrachos (1628) e ananos de Velázquez. Lémbrense tamén os personaxes das novelas exemplares de Cervantes e toda a picaresca.

da pobreza e da vida esgrevia (ínfima calidade de vida nunha terra pobre e con clima hostil), acode devotamente a ofrecer presentes á virxe e a celebrar o nacemento do neno, do que espera grandes mudanzas. Nalgúns casos o personaxe mesmo aparece deseñado con trazos físicos positivos, coma os que aluden á beleza da virxe “non máis que por ser galega” ou ó ouro dos cabelos da paridiña e o seu naipelo.

A pobreza extrema dos galegos e a súa escasísima calidade de vida devén, neste contexto, un trazo positivo que se pode explotar e exhibir fachendosamente con todo luxo de detalles, pois é compartido polo neno e a súa familia. Configúrase así un personaxe literario, que nas sucesivas contribucións se vai adornando de motivos, paseniño, en tendencia probatoria crecente da galegitude do propio cativo. O galego acode como vasalo humilde ó pé do neno que nace galego (T1633)<sup>3</sup>, como rei dos galegos, pois de feito “pouco vá de galileo a galego” (L1641); é primo de Santiago, patrón dos galegos (“Miniño meu, vos sois Caualeiro, / pois primo sois do mais nobre Galego. / Casa vos ten voso primo en Santiago, / que ha enriquecido depois que foy Santo”, T1661); a súa nai é de Compostela (Vilaviçosa 1637) e é doncela, en clara alusión ás moitas mozas galegas solteiras que teñen fillos (T1633); ambos son de cabelos loiros coma o ouro (“Como un oiro es o menino: / bastalhe ser, minha fé, galeguinho. / (...) / Como un oyro es la sua madre, / bastalhe ser galeguinho seu padre”, L1945); e, sobre todo, é pobre, vístese de burel (T1647), anda descalzo (Madrid 1629) e dorme nas pallas (Madrid 1629), entre a mula e o boi (L1641), coma os galegos (“que donday boy, mula e palla / es de Galicia vn casal”, T1658).

Quere ser galego e fólgame coa xente galega (T1633), e xa que logo parece lóxico agardaren uns certos privilexios, coma o de redimir os galegos do pecado orixinal (T1644) ou libralos da fame secular (“Ay, repiniquemos a gaita do folle / que bem Deos a matarnos a fome. / Ay, ay. ay / Repiniquemos o noso pandeiro, / que bem Deos a salvar os galegos”, C1702); en todo caso, os galegos recoñéceno como rei (L1645), como maioral (T1656) ou “cobodoneiro” da mallada (L1664).

Así pois, esta invención literaria xustifica plenamente a presenza dos galegos no portal, caracterizados como tales polo vestido e o calzado, polos asuntos que tratan, polos seus antropónimos e topónimos e, como non, pola súa lingua; tamén pola música acompañada de instrumentos característicos, bailes pintorescos e formas arcaicas de versificación (versos de gaita galega, paralelismo..., que por demais viñan sendo usados tamén por un certo tipo de poesía “á tradicional” castelá). A mesma xustificación vale para explicar por que esa presenza de galegos e do galego se circunscribe ás panxoliñas ou vilancicos de nadal —en Portugal tamén ós de Reis—, pois esta é a ocasión en que os galegos van render homenaxe ó seu parente; faltan, por contra, en tódalas outras moitas festividades en que, ó longo do ano, eran compostos vilancicos relixiosos<sup>4</sup>.

<sup>3</sup> Remitimos a un testemuño significativo dentro do corpus analizado, sen pretendemos establecer unha cronoloxía dos motivos, moi repetidos, nin unha xeografía da súa difusión. Nas referencias damos a localidade e o ano en que foi cantada a peza recollida no corpus, abreviando *C(oimbra)*, *L(isboa)*, *S(egovia)*, *T(oledo)*.

<sup>4</sup> “En todas as catedrais e conventos importantes, asim como nas capelas reais, os mestres de capela tinham a obrigação —cujo não cumprimento lhes ocasionava frequentemente conflitos com os superiores— de compor novos vilancicos cada ano para as festas religiosas. De entre estas as mais importantes eram certamente o natal e o Corpo de Deus, mas a lista incluía igualmente a Epifania, a Ascensão e a Assunção, a Natividade de Nossa Senhora, a Conceição, e um grande número de festas de santos, com particular relevo para os santos locais e o patrono do convento” (Brito 1989: 35).

Ora ben, este personaxe do “galego”, cos atributos expostos, é unha creación allea, como tamén o eran en principio os propios vilancicos de nadal<sup>5</sup>. A moda das panxoliñas nace e prospera en territorio castelán e de aí expórtase a outros, entre eles a Portugal, onde os máis e mellores vilancicos eran cantados na lingua de Castela, unha moda xa arraizada antes da época filipina (Lapa 1930: 8). Por iso non cabe, de xeito ningún, analizalos como obras galegas exportadas e conservadas fóra da nosa fronteira, e nin sequera cabe agardar que sexan obras de galegos emigrados; son letras compostas fóra, en parte a partir de materiais preexistentes, por persoas que nin sequera teñen que ser por forza galegos de lingua ou de orixe.

Tamén é allea a nós, e isto é aínda máis comprensible, a evolución do “galego” cara a un personaxe paródico, na liña do “saiagués” ou do “bobo” do teatro, e singularmente do entremés, o xénero dramático máis próximo da panxoliña.

## 2. Marco temporal e espacial

Os historiadores da música coinciden en situar na Granada de 1492 o nacemento do vilancico litúrxico, pero a panxoliña “en galego” é máis tardía, tense por unha creación do séc. XVII, cunha data de inicio que pode ir variando consonte as novas descubertas. Carlos Villanueva, no seu recoñecido estudo sobre os vilancicos galegos (1994), sitúa o arrinque da expansión en 1629 no convento da Encarnación de Madrid, un enclave madrileño da Mitra compostelá, no intre ocupada polo arcebispo Maximiliano de Austria<sup>6</sup>, o que non obsta para que haxa testemuños illados en anos anteriores, coma o único contido na colección do *Carmelo de Valladolid*, de c. 1590-1609<sup>7</sup> ou os dous de Vilaviçosa 1637 (C. Michaëlis: II, 789). En todo caso, a partir dun epicentro mesetario no ámbito lingüístico castelán, a panxoliña en galego difundíuse en tódalas direccións a outros lugares da península, chegou a Portugal e á América latina.

A panxoliña “en galego” evoluciona ó longo dos séc. XVII e XVIII. A fins deste século esmorece, coma os restantes vilancicos, e é este o momento en que as catedrais galegas, de xeito singular Mondoñedo, toman o relevo, mais a panxoliña litúrxica en galego producida en Galicia debe ser tratada á parte.

<sup>5</sup> Ós historiadores corresponde avaliar ata que punto esta visión positiva da pobreza galega, facendo da necesidade virtude, puido formar parte do aparato de propaganda promovido por aristócratas galegos instalados na corte dos Austrias, onde tentaban medrar na carreira diplomática, militar ou eclesiástica na órbita da monarquía española. Unha aristocracia atenta a probar a súa honra, xunto coa antigüidade e fazañas dos seus devanceiros, para lexitimar o lugar preeminente que arela na corte e que por iso ten que estar sempre vixiante para se defender dos escritos maliciosos promovidos arreo polos seus contrincantes na carreira polo poder, que teiman en pór en dúbida os valores de heroísmo, lealdade e xenerosidade dos galegos como pobo, e xa que logo dos nobres galegos como eximios representantes deste (cfr. Barreiro 1988). A mesma insistencia na figura de Santiago como curmán do neno debe de gardar relación coa pugna entre o “galego” Santiago e a castelá Santa Teresa como padroeiros de España, un motivo presente xa no vilancico temperán de Madrid 1629, a que axiña nos referiremos: “—¿Dime, Domingón, quién es este Neno? / —Primo de Santiago, patrón de os Galegos” (Villanueva 2002: 211).

<sup>6</sup> Opinión reiterada en Villanueva (2002: 210-211): “En todo caso, (...) la presencia del pastor gallego en el villancico tiene su epicentro en el Convento de la Encarnación de Madrid, del que era su Abad Perpetuo el Arzobispo de Santiago, lo que hemos considerado como un guiño y una broma-homenaje que se repetía allí todas las Navidades”.

<sup>7</sup> Reproducido por Pensado (1985: 283-286) ó dar noticia da descuberta na edición do *Libro de Romances y Coplas del Carmelo de Valladolid*, a cargo de Víctor García de la Concha e Ana María Álvarez Pellitero. Un vilancico interesante, que une a datación temperá á posible autoría feminina, apuntada por Pensado baseándose no argumento e as escollas léxicas (1985: 287).

Nesta comunicación, nós aínda restrinximos máis o campo, centrándonos en vilancicos peninsulares do séc. XVII, maiormente a través da colección de Lisboa-Coimbra (Lapa 1930) no ámbito do portugués e das de Toledo (Buezo 1992) e Segovia (Villanueva 1994) no do castelán.

Os textos destes vilancicos apenas merecen atención nos estudos lingüísticos e literarios do galego medio, coa excepción salientable das varias contribucións do profesor Pensado, que desvelou para nós a existencia e interese dun bo feixiño deles. Un desapego que non se compadece ben co reiterado lamento pola escasez de textos desta época, entoadado tanto polos estudiosos da literatura, que se teñen que confrontar con outras febras de literatura “menor”, coma polos lingüistas, que debemos asirnos a calquera palliña, por pequena que sexa, para tentarmos construír o noso difícil palleiro. Ese desinterese ou desapego nace da desconfianza verquida sobre eles, para uns como non pertencentes ó sistema literario galego e para os outros como non escritos nunha modalidade fiable de galego. O noso propósito foi explorar estes textos para vermos en que medida as formas diverxentes que conteñen responden ou non a algunha das variedades coñecidas ou previsibles de galego, en que medida están interferidas de castelán ou portugués e en que medida son alteracións ou invencións cun propósito caracterizador ou paródico; en definitiva, para sabermos ata que punto son unha fonte posible de materiais lingüísticos que axuden a varrer a escuridade deses séculos.

### **3. A evolución do galego como personaxe cómico**

Como xa apuntamos máis atrás, nestes case dous séculos de existencia de panxoliñas “en galego” fóra do noso ámbito lingüístico, abundan pezas en que o *galego* é un personaxe cómico, caracterizado negativamente e destinado a divertir o auditorio, ben a través da exhibición da súa ignorancia e rusticidade, ben por medio das chanzas a que o someten outros participantes máis prestixiados, agudos e sabidos, representantes do grupo a que pertence o auditorio (en Castela, castelán; en Coimbra, portugués...). Mais esta figura paródica non está desde os inicios e por iso non xustifica a emerxencia do xénero.

Vexámolo tomando como mostra unha das colectáneas estudadas, a de Toledo, publicada por Catalina Buezo, 14 pezas, de 1633 a 1775, das cales 11 pertencen ó séc. XVII. O primeiro vilancico paródico que atopamos é o texto VI, de 1658 (Buezo 1992: 428-429), que reproduce unha disputa entre un portugués e un galego sobre a nación do neno: os dous son personaxes paródicos, caracterizados tanto polos trazos lingüísticos coma polas formas de expresión (o fachendoso portugués fronte ó galego humilde e retranqueiro, que non se achanta); o narrador, en cambio, fala castelán sen asomo de trazos minusvalorativos. É tamén o primeiro vilancico da colección que contén diálogo e que por iso se aproxima máis ó xénero do entremés.

O galego do vilancico seguinte da mesma colectánea (T1661) tamén non presenta xa o galego como o pastor inxenuo e humilde que vai adorar o seu rei: os galegos son uns simples, uns parvos dados a dicir inconveniencias

(mesmo baixo a aparencia de enunciados filosóficos: “Meu Miniño folijay, / pois sois Pay de vosa May”) ou a parlamentos en que como individuos ou como pobo non quedan ben parados (“Folijay, pois sois parente / de vna tan guerreira gente / que embolverá a toda España / en magostos de castaña”). O que lle segue (T1670) dá un paso máis neste progresivo afastamento cara á caricatura do rústico, con trazos galegos mesturados cos doutras comunidades do noroeste igualmente desprestixiadas: non hai máis que ver que os personaxes son Mingo, Gileta e Llorente, nomes que nos remiten ás terras veciñas, leonesas e saiaguesas. E, de feito, na mesma colección toledana, xa por volta de 1682, comezan a aparecer trazos asturianos misturados cos galegos, pois por tales hai que interpretar finais en <u> e outras conversións de <o> en <u>: *un velu zagal, avía oídu tal, comu de essas cosas, llurar...*

Nesta segunda parte do período estudado, por tanto a mediados do seiscentos, é cando aparecen salientados os trazos negativos que, segundo os outros peninsulares contemporáneos, caracterizan os galegos, tales como a súa avaricia e a súa mesquindade, sen facer nada de balde. Sirvan de mostra o pastor que chega coa bota de viño de Ribadavia, que leva como presente, medio baleira, porque “en el camiño, el dimoño es vellaco, / yo pecador, y maméme la media” (T1682), ou a tropa de galegos que chegan ó portal descalzos, cantando, preguntan “¿quien nos paga?” e se resisten a cantar se non lles remuneran o seu traballo (T1727).

#### 4. Autoría e localización dos textos

As pezas non son internamente homexéneas. O vilancico, na súa forma máis tradicional, parte dun *mote* ou *refrán*, popular ou de corte tradicional, glosado nunhas coplas feitas para a ocasión, que decontino incorporan fragmentos doutros textos preexistentes; xa nos séculos anteriores non é infrecuente a glosa relixiosa en forma de coplas que se engaden a unha cántiga que funciona como refrán ou a un mote de orixe profana, formas de literatura tradicional ou en todo caso moi difundidas e popularizadas. Estas letras polo xeral están refeitas a partir de achegas de procedencia moi diversa, que non de raro están en linguas ou variedades lingüísticas distintas. Por iso, cremos que o estudo da intertextualidade destes textos podería arrequentar o corpus lírico galego da época e botar algunha luz sobre a circulación de poesía galega no dominio hispánico.

A diversa procedencia e autoría dos versos é perfectamente visible nalgunhas pezas, coma T1644 (Buezo 1992: 424), onde atopamos un retrouso que, con algunha posible deturpación, parece reproducir unha canción popular ou antiga: “¡Ay! Miñas donas, / tocap o pandeyro, / que moiro de amores / de o nino que queyro”<sup>8</sup>; en cambio, as coplas que seguen (32 vv) están en castelán con algunha que outra palabra explícita en galego para darlle unha certa aparencia, en todo caso formas léxicas coñecidas e habituais para quen teña certa familiaridade co xénero (*minino, feno, Cordeyro, Deus,*

<sup>8</sup> Lapa (1930: 43n) sostén que *queiro* é forma con apoio histórico e que avala o composto *requeiro*; en todo caso o esquema regular en galego é que o tema de P1 do Ind. Pres. e o de todo o Subx. Pres. sexa igual, e por tanto *queiro* sería explicable como un intento de regularización da anomalía *quero /'e/* fronte a *queira /'ei/*. Pola súa parte, *nino* ‘neno’ existe aínda como forma dialectal no oriente de Galicia e en mirandés.

*demo, mays, os galegos, certo, afora, morte, ben, may, compañeyros e home*), xunto a elas, numerosos castelanismos léxicos e morfolóxicos, cando non invencións para “agalegalos”: *suele, que ya el universo por él ha gozado, tendrán, viene, tenemos, baxó, creedlo..., los peis, ceilo ‘ceo’*. Vemos outra mostra da mesma práctica intertextual evidente en L1641 (Lapa 1930: 36-37), na que marcamos con itálicas as partes en castelán; nos versos en que se aprecia mestura lingüística marcamos tamén con itálicas as formas que están inequivocamente nesa lingua e con versais as formas diferenciais en galego (ignorando a grafía pasada polo bortel portugués)<sup>9</sup>:

<p><i>Otra volteta Pero Fernandes,</i>  <i>Otra volteta antes que VOS VADES.</i>  <i>Ay,</i>  <i>ande el adufe,</i>  <i>ande la gaita,</i> 5  <i>ande el salterio,</i>  <i>con la sonaja</i>  <i>vaya de baile,</i>  <i>ande la dança,</i>  <i>el cascavel y guitarra,</i> 10  <i>el tamboril y la flauta,</i>  <i>vaya de gusto pastor,</i>  <i>que aun para reirse</i>  <i>madruga el Sol.</i></p>	<p>COPLA 1.<sup>a</sup></p>	<p><i>Al son del Minho y Mondego</i> 15  <i>bailai, pois deos nace já,</i>  <i>galego, que pouco vá</i>  <i>de Galileo a galego;</i>  <i>desdO casadinho ao grego</i>  <i>muestre sus habilidades</i> 20  <i>outra volteta, etc.</i></p> <p style="text-align: right;">COPLA 2.<sup>a</sup></p> <p><i>Solo un galego qual nós</i>  <i>fizera lo que deos faze,</i>  <i>pois entre mula e voi nace</i>  <i>como galego, aunque Dios;</i> 25  <i>vailemos de dos en dos</i>  <i>celebrando sus deidades,</i>  <i>Otra volteta, etc.</i></p>
--	-----------------------------	---

Ademais da evidente mestura lingüística, apréciase a inserción de versos de procedencia diversa: os dous iniciais, que serven de refrán, non gardan relación coa cántiga castelá que os segue, máis ben parecen facelo, tamén a efectos de rima, cos versos 20 e 27, únicos en *-ádes* e soltos en cadansúa estrofa<sup>10</sup>, que pechan antes do retrouso; as coplas 1 e 2 son mixtas, semella que nunha copla de base castelá se insiren versos galegos ou traducións deficientes doutras procedencias.

É moi difícil aventurar hipóteses sobre a autoría dos textos e tamén sobre a localización orixinaria, porque as letras viaxan, cópianse, músicanse de novo, adáptanse... Non de raro figura un nome como autor do vilancico, mais debemos interpretalo como autor da música e non por forza do texto. Os letristas de Lisboa non eran, como afirma Lapa, os propios músicos da Capela Real, continuadores da “bela tradição trovadoresca, na qual tão frequentemente o poeta era o músico das suas canções” (1930: 12), pois dese xeito non se explicaría a atribución a distintos autores de letras que apenas ofrecen variación entre si<sup>11</sup>. Así pois, o feito de atoparmos un vilancico

<sup>9</sup> *Solo* é forma existente en galego e forma áreas tan extensas e compactas que fan practicamente inviable a hipótese do castelanismo. *Fizera e faze* son formas ben documentadas e que existiron con maior extensión na lingua antiga, mais tamén puideran ser galeguizacións de *hiciera* e *hace*.

<sup>10</sup> Na primeira (*-ego, -á, á, -ego, -ego, -ádes*), o derradeiro verso só rima se lemos *habilidás*, á castelá e non á galega ou portuguesa, e aínda así faino imperfectamente. En *-ós, -aze, -aze, -ós, -ós, -ádes*, o sexto verso tampouco mantén a rima consoante do resto.

<sup>11</sup> Por poñermos só un exemplo, o primeiro vilancico da colección de Lisboa, de 1640 e sen autor coñecido, é moi semellante ó que na mesma colección, xa no ano 1645, se atribúe a Carlos Patiño, e este é practicamente igual ó que uns anos antes (1641) atopamos en Toledo sen que conste o autor.

nunha localidade determinada (Lisboa, poñamos por caso) non garante, en absoluto, que esa sexa a fonte orixinaria. E isto dificulta en boa medida o traballo lingüístico, pois non permite atribuírmos a posible deturpación, de xeito seguro, ó filtro do portugués, ó do castelán, etc.; pero, en todo caso, estes textos dannos información que cómpre engadir e contrastar coa recorrencia doutras informacións semellantes, pois, como di o refrán popular, un gran non fai graneiro pero axuda ó compañeiro.

Canto ós autores das letras, deles pouco se sabe. Parece que na súa maioría deberían ser eclesiásticos, máis ou menos cultos, ou monxas, en calquera caso persoas formadas con algúns coñecementos da doutrina, pois non hai que esquecer que ó fin e ó cabo estas pezas formaban parte da liturxia e do aparato de propaganda católica e da educación relixiosa. Nalgúns casos serían galegos de nación, noutros semella que son portugueses que imitan o galego, sobre todo a través das variedades lingüísticas do norte; a este respecto cómpre lembrar que na primeira metade do séc. XVII, a causa da depresión económica e cultural do seu país, e aproveitando que no intre Portugal está baixo o dominio filipino, moitos compositores portugueses buscaron traballo en España (Brito 1989: 47), polo que non é descartable que algúns deles participasen na elaboración ou adaptación das letras das panxoliñas atribuídas ós galegos. Mais noutros casos os responsables serían persoas que só tiñan certa familiaridade co galego, ou mesmo autores que só estaban en relación con el a través do xénero e que por tanto só coñecían os trazos indispensables para lle dar un verniz.

En resumo, este amplo corpus heteroxéneo está constituído por: (a) treitos escritos por galegos ou que aproveitan a poesía tradicional galega, máis ou menos difundida; (b) treitos feitos por non galegos, imitando (ou parodiando) o galego, con base nun coñecemento razoable, que nos dan, en todo caso, informacións moi interesantes, xa que nos din que características do galego, por contraste, salientan portugueses, casteláns, etc.; e (c) treitos escritos por non galegos, sen coñecementos abondos, incorporando trazos que non se corresponden en absoluto coa realidade da lingua (invencións bárbaras) e que en moitos casos proceden doutros grupos sociais ou doutras comunidades lingüísticas tamén marcadas pexorativamente (vulgarismos do español, asturianismos, falares minhotos e trasmontanos, vulgarismos do portugués, etc.).

En calquera caso, a lingua tiña que ser comprensible fóra do dominio galego, polo que non se descarta que, aínda mediando un coñecemento razoable da mesma, houbese unha castelanización consciente ou, alomenos, unha renuncia a formas léxicas ou construcións diferenciais que puideran dificultar a comprensión do texto. Ademais, a lingua ten que ser caracterizadora do personaxe, e isto importa máis cá fidelidade lingüística: non se procura unha reprodución exacta do galego, para galegos que se poden dar de conta da inexactitude ou non gramaticalidade, senón dunha caracterización galega ó mesmo nivel cá vestimenta e outros trazos da posta en escena.

## 5. O valor lingüístico dos textos

A falta de textos e glosarios da época con que contrastar os datos destes poemas engade un punto de dificultade máis á súa análise lingüística. De por parte, non sempre temos textos anteriores transcritos en número abondo para nos facer unha idea razoable das características diatópicas de todo o territorio na idade media, e para moitas áreas tampouco posuímos datos fiables ata a época contemporánea, deixando un intervalo de máis de trescentos anos entre aquela realidade lingüística e a presente; xa que logo, para grande parte do territorio carecemos de elementos de comparación, sexa cos estadios lingüísticos precedentes sexa cos seguintes.

En calquera caso, esa mesma extrema escasez de testemuños escritos desta época é a que lles confire un extraordinario valor ós que se poidan achegar desta fonte. Favorécenos nesta andaina o feito de que os vilancicos son un universo bastante amplo, no que podemos comprobar se o rexistro de determinadas solucións se testemuña en autores, lugares e épocas distintas, en principio reforzándose mutuamente, sen esquecermos por iso que algunhas delas poden ser en realidade “marcas do xénero”, formas transmitidas duns autores noutros, que as aceptan como galego cabal porque o seu descoñecemento do idioma non os alerta sobre elas.

Nos parágrafos que seguen tentaremos avaliar esta importancia, valéndonos dalgúns exemplos significativos presentados a xeito de pinceladas, que agrupamos en catro liñas principais.

### 5.1. O valor testemuñal da parodia

Posto que a caricatura non é efectiva sen unha base real en que se apoiar, será interesante analizar que trazos característicos dos nosos devanceiros salientaron os falantes noutros lugares da península, aínda que esta reconstrución da imaxe real tope co inconveniente de que sempre cabe a posibilidade de que se atribuíse ós galegos trazos paródicos que non tiñan en realidade<sup>12</sup>.

Na maior parte destes textos son frecuentísimas as hipercaracterizacións. Non se descarta que algunhas destas formas “hipergalegas” tivesen base real como variantes dialectais ou cronolóxicas, mais sempre serían minoritarias e nunha escolma normal non poderían ter o alto grao de incidencia que mostran no noso corpus. Co ánimo de presentarmos algunha representativa, salientamos dentro do vocalismo, por rechamante, a predominancia de ditongos decrecentes en /i/, non de raro no canto de ditongos rematados en /u/, que hoxe consideraríamos tanto ou máis caracterizadores:

(a) Ditongo <oi, oy> no canto de <o>, que desde o dominio español se explica por unha correspondencia doada de establecer sobre o modelo *noche* ↔ *noite*, apoiado pola de <u> (*mucho* ↔ *moito, muito*): *foyran*. Resulta máis interesante este incremento abusivo de /i/ tras <o> en territorio portugués, toda vez que <oi> caracteriza, en principio por igual, as dúas linguas

<sup>12</sup> Compárese con prácticas actuais. Os mesmos galegos dicimos “Soy de Lugo y no lo niegho...”, a pesar de ser a única capital que non ten gheada e a provincia con menor territorio con este fenómeno. Tamén fóra de Galicia (e algúns galegos sen oído), repiten, atribuíndonolo, “eu non creo nas meigas, pero habelas *hailas* ~ *haberlas hailas*” (por “pero habelas, hainas”).



(gal. e port. *noite*, *oito* ↔ esp. *noche*, *ocho*); ora ben, ós oídos dun portugués esta secuencia pode ser máis tipicamente galega, pois non só terá presente a correspondencia entre port. <u> e gal. <ui ~ oi> nalgunhas palabras (*luta* ↔ *luita*, *loita*; *escutar* ↔ *escuitar*, *escoitar*, etc.), da que tamén temos algunhas mostras no noso corpus, senón a equivalencia gal. <oi> con port. <oi ~ ou> (*coiro* ↔ *couro* ~ *coiro*, *-doiro* ↔ *-douro* ~ *-doiro*). E de feito os exemplos son abundantes en territorio portugués: *foiron*, *castanhoylas*, *coiraçom*, *oilhar*, *espoizo*, *toidos*, *bioyla*, *cabrioylar*, *poide*, *foiliança*.

(b) A mesma liña argumentativa vale para explicarmos a presenza ocasional de <oi, oy> no canto de <u> en textos portugueses (*loygar* ~ *loigar*, *estoibera*), que se unen ós que, sobre o modelo *escutar* ↔ *escuitar*, engaden unha coda /i/ a /u/: *muila*, *tuido*. En xeral non é infrecuente a inserción dun /i/ na coda, tamén con outras vogais nucleares, sobre todo tras /a/, consonte esp. *más* ↔ gal. *máis* e port. *mas* ↔ gal. *mais*: *pays* ‘paz’ e *pastoyras* (T1647), *fracaisso e aygoas* (C1705).

(c) Uso excesivo do ditongo <ei> en territorio español, a partir de correspondencias como *pandero* ↔ *pandeiro*: *donzeila* (T1647), *peina* (T1647). A eles súmanse os casos debidos á inversión dos dous elementos do ditongo español: PIES > *peis*<sup>13</sup>, CIELO > *ceilo*.

(d) A mencionada equivalencia gal. <oi> con port. <oi ~ ou> apoia a frecuente vacilación <ou ~ oi> neses textos, nos máis dos casos sen base dialectal coñecida para o galego: *dous* ~ *dois*, *doitor*, *doitрина*, *estoirar*, *oiro* ~ *ouro*, *oibir* ~ *ouvir*, *outro* ~ *oitro*, *noite* ~ *noute*, *roipa*, *poica*, *coiza* ~ *couzas*, *roibar*. Por extensión, outros ditongos mudan <au> en <ai, ay>: *ayrora*, *fraytiña*; en textos lusos atopamos, ademais, <ei> por <eu>: *meis fidalgos*, *mei neno*<sup>14</sup>.

Como se aprecia nesta sucinta exposición, esta hipercharacterización con /i/ dáse en textos cantados tanto no territorio castelán coma no portugués. Nun estudo máis demorado e con maior número de ocorrencias poderíanse tirar conclusións significativas sobre as diferenzas que, así a todo, parece que se observan entre os dous dominios.

## 5.2. Información contrastiva: galego vs portugués, galego vs castelán

Se a través da caracterización paródica ou simplemente imitativa podemos obter información dos trazos que marcan a diferenza entre os dous sistemas en liza, para os autores e para o auditorio, a aparición de vilancicos dialogados en que os personaxes teñen nacionalidades e linguas distintas permite avanzar moito máis por este camiño.

En “Oh! balhame som Silbestre” (C1701), o primeiro personaxe é un “galego tonto” e o segundo un portugués sabichón que o instrúe. O galego ten hiperabundancia de /s/ e outros problemas coas sibilantes (*ex me, xi bus anda; cachoipo e cachoipinho* xunto a *caixoipinho; donjela; ximpado*)<sup>15</sup>; usa xeralmente <b> (*bálhame, bay, bon* ‘vou’, *boltas, bem, bus, bamos, ber*), xunto a <v> fóra de lugar (*vuscar, vem, voy* ‘boi’); moitos ditongos en /i/, como

<sup>13</sup> *Peis* é variante diatópica, con moi pouca extensión, na estrema SE (*ALGa II*: 60), mais esta explicación non parece plausible para “Los peis sé que pisan” (T1644), tendo en conta a lingua do contexto.

<sup>14</sup> Estas formas do posesivo existen realmente en falas estremeiras do dominio galego-portugués co leonés-castelán.

<sup>15</sup> Lémbrese que as realizacións apicais características dos dialectos portugueses do norte e do galego son con frecuencia sentidas no resto do dominio portugués cunha sibilancia que as aproxima a realizacións de /s/.

<oy, oi> (*escoito, cachoipo, caixoipinho, estoiro, matoita, oyra, oybirme, cabrioylar, poide, loygar, espoizo, coiraçom...*), <ei> (*beijo ‘vexo’*), <ay> (*ayrora*) e <ui> (*muila*); <ea> (*bosseas*); <-om> (*som Silbestre, nom sabe, tom sazuda*) ou <-am> (*tenham mam*); <-on, -om> na P1 (*bon ber, milhentas boltas dom*); <r> epentético (*Brelem, contrendas*); algunhas P5 con <-des> (*choredes*); formas fonéticas e/ou morfolóxicas estrañas (*fasguer, fasguem, fasmamos, comprasguer, prasguer*); frecuentes vulgarismos léxicos (*esterlogia, folosufar, sazuda, antremos, de retrempe*), palabras ou expresións chocantes (*es marmelega cá mossos, boa bay a xirinola, me salta por los ilhaes, esbagoandose está*) e arcaísmos (*leixe, ca ‘conx. explicativa’*). O portugués, que como representante do país carece de trazos minusvalorativos, usa a terminación <-ão> (*não entendes*), é teísta (*a cauza porque to advirto*), nunca ten <r> epentético (*Belem*) e sempre emprega <ou> (*ouvirá*).

No corpus castelán atopamos outra disputa entre un portugués e un galego (T1658, S1659), parodiados por igual, cun narrador castelán que no inicio presenta o asunto e os personaxes, e logo aínda reaparece nun inciso (“Ficai vos, *dice el Gallego, / Portuguesiño ratiño*”). Esta circunstancia fainos pensar que ou ben o texto era recitado ou cantado a dúas voces, sendo unha delas a do galego e a do narrador, ou ben había unha soa voz; en calquera o cambio de personaxe debía descansar, sobre todo, na súa forma de expresión, toda vez que non se producía cambio de actor nin probablemente de disface. O port. usa *naon, dize e faze, digais e mirai, minino...*, e o galego contrapón *non ~ no* (+ vogal), *trai, entrás ~ mentides e calá, neno*; ademais, o portugués menciona como característico o verbo *ollar* (“Quando chora este Minino / Portugués falando está, / pois cando faze pucheiros, / craro es que nos dize *ollay*”).

De por parte, a existencia de versións do mesmo vilancico editadas en territorio castelán e portugués abre unha vía complementaria de investigación, na que cómpre discernir entre variantes que en efecto serven á caracterización contrastiva e variantes debidas á posible interferencia dunha ou outra lingua do país (p. ex., L1668 *fasgen ~ fazem, cordeirinho, rouquecido, perfeita, bençon...* / T1673 *fain, corderiño, ronquecido, perfeta, beiçon...*), ou á dificultade de comprensión por parte dos transmisores (p. ex., L1668 *Ben o fai ó zagaliño* / T1673 *Beño fai o zagaliño*).

### 5.3. Información sobre variación diacrónica e diatópica

Nos textos hai información diacrónica interesante que nos pode axudar a reconstruír a evolución fonética, morfolóxica e sintáctica e a historia do léxico, botando luz, asemade, sobre a configuración dos sucesivos territorios implicados na variación diatópica.

1. Así, atopamos grafemas que informan con claridade sobre a existencia de fenómenos de harmonización vocálica iguais ós que se producen na actualidade (*retiña ~ ritiña*), a epéntese de [j] no linde morfolóxico da secuencia /aa/ (“que *a y-alma* me bolle”, L1666), a alternancia contextual do adverbio *non ~ no*, a presenza ou ausencia de nasal implosiva interior en palabras tipo *gado*, a evolución moderna do sistema de sibilantes, etc.

2. No plano morfolóxico a información é amplísima e de moito valor.

Abonde dicir que neste corpus atopamos un dos primeiros rexistros do uso do pronome acusativo /no/ tras forma verbal rematada en ditongo oral, un trazo que non podemos atribuír, de xeito ningún, nin á gramática do castelán nin á do portugués: “*Mirouno* todo nas pallas Antón” (T1656, S1657)<sup>16</sup>.

A morfoloxía verbal é especialmente tica. No morfema de persoa e número da P5 dos verbos, os textos testemuñan unha situación que nin se corresponde coa que podemos describir a través dos textos medievais nin a que se debuxa nos mapas lingüísticos actuais, e que por iso reforza a tese de que houbo procesos evolutivos de abalo e devalo. Neles a solución máis frecuente é *-is*, nos distintos tempos dos verbos regulares e irregulares das tres conxugacións (*chorais, naceis, sois, temais, folgareis...*), cun número así a todo importante de excepcións con *-des*: tras nasal, *-ndes* (*sondes* e *tendes* [C1696], *bindes* [C1702], *tendes* [C1705]); naturalmente, tras *-r* (*ximpardes* [C1696]); tamén tras vogal, sobre todo no Subx. Pr. (*vades* [L1641], *choredes* [L1674, C1701], *agastedes* [L1674]; *estades* [C1696], *conhecedes* [C1705]). No imperativo, en cambio, a constancia de formas en *-i* é case total (*day, festejai, tangei, fazei, vení...*), con moi raras excepcións: *faséme* (L1640), un dificultoso *corred* (“Galegos de la montaña, / *corred* a Belen prestíño”, L1647: ¿forma castelá, grafía por *corré* ou elisión fonotáctica da vogal final de *correde*?), un estraño *tangelde* (semella inversión de *tangedle*, L1664), *binde* (C1696), *sede* (C1696)... Os datos dialectais actuais (ALGa I: 2, 26) tamén mostran que, efectivamente, a presenza e vitalidade destas formas morfolóxicas no imperativo son maiores ca nos restantes tempos.

Perante esta presenza abrumadora de *-is* e *-i*, en contraste cos datos da situación precedente e seguinte, cabe pensar que ou a lingua representada, imitada ou parodiada é adoito a da banda oriental —en termos xerais, luguesa ou ourensá—, ou as formas máis evolucionadas estaban moi xeneralizadas, se ben en variables con *-de(s)*, pois só a pervivencia desta variante, minoritaria no textos, permite explicar a revitalización da forma antiga nos últimos séculos. Outros testemuños autorizados de outrora, coma o de Sarmiento, mostran que en efecto na Galicia occidental houbo cambios en vaivén nestas terminacións; o estudo pormenorizado das formas e contextos de excepción pode, ademais, botar luz sobre os camiños da recuperación das formas con *-d-*.

3. No plano sintáctico poderíámonos estender en aspectos como a posición e función dos clíticos, algunhas características das construcións relativas, as oracións de infinitivo, etc., pero escollemos como mostra un par de construcións verbais (verbos *botar* e *emprallar*), para que se advirta a que nivel de descrición podemos descender analizando polo miúdo os datos fornecidos:

(a) No galego moderno o verbo BOTAR ten un amplo abano de acepcións en predicados transitivos, ós que se engaden as que ten como verbo pronominal e nas construcións *botar(se) a + inf.* (cfr. DRAG: s.v.); os nosos textos rexistran ademais a construción intransitiva *botar a* ‘dirixirse a’, cun complemento de lugar que sinala o fin da dirección do movemento (“Folgay vós todos comigo / e botemos a Belem”, L1647; “Ollay, Galleguños, / votai al Portal”, T1750), que non coñecemos no galego actual pero está en relación

<sup>16</sup> En realidade, hoxe por hoxe, só coñecemos outro testemuño máis antigo, *botouno* na *Historia gótica de don Servando*, c. 1630.

evidente con outras construcións e significados posibles, que non faltan nos nosos lexicógrafos (“*Bota diante*” en Va., “*Botóu por a corredeira*” en Ac., vid. DD: s.v.).

(b) A voz EMPRALLAR ten no noso corpus o significado de ‘igualar, pór a nivel (“nom hay / home de prol ca os *empralhe*, / samicas no muziquear”, L1674), o que en si mesmo non é novidoso, pois é un dos coñecidos da variante máis común *emparellar*; o interesante é a construción verbal, inusual en galego moderno: Sux.-V-OD, sendo os participantes nivelados os referidos nas dúas FN, ‘alguén emparella alguén’. No canto, por contra, na lingua actual atopamos unha construción transitiva en que alguén actúa sobre un OD plural (‘alguén emparella dous ou máis individuos [entre si]’, ‘alguén emparella un con outro’, ‘alguén emparella un e outro’), unha construción reflexiva con complemento preposicional (‘alguén emparéllase con alguén’) ou unha construción recíproca (‘dous ou máis individuos emparéllanse [entre si]’); repárese en que a derradeira construción esixe, como base para se poder formar, a existencia dun predicado transitivo coma o dos textos estudados, que dese xeito devén o “elo perdido” (‘A emparella B + B emparella A’).

4. Hai trazos que actúan como garantía de autenticidade ou alomenos dunha imitación de calidade. É o caso da posición dos clíticos, que apenas presenta problemas rechamantes (“Si me da o boy, *lle daré vn qarto*”, T1661), mais poderíamos atribuílo a que os castelanfalantes da época posiblemente tiñan activa dalgún xeito a competencia na gramática “normal” dos séculos precedentes e a que os portugueses non podían ter problemas deste tipo. Por iso serven mellor marca de autenticidade outros trazos, como o emprego de complementos de solidariedade, que non faltan no noso corpus: “beñobos co sayo chouteiro” (L1640), “que sendo fillo voso, *ech’ome y é galego*” (L1649, Pensado 1985: 438), “*Dóucheme <dochome> a Deus, como sois Galegiño*” (Jerez de la Frontera 1650).

5. Unha investigación diatópica aprofundada permitiría investigar a posible procedencia xeográfica dos fragmentos máis xenuínos ou dos modelos obxecto de imitación. Como indicamos con anterioridade, a lectura dos textos produce a impresión de maior recorrencia de trazos do cadrante suroriental, mais só un demorado estudo específico, texto a texto, poderá cuantificar estes datos variacionais e dar validez a esta afirmación subxectiva<sup>17</sup>. O que agora importa é sinalar que abundan os datos de interese: no verbo (*ouvir* e variantes gráficas; *fazer* ↔ *fasguer*, *disguer*; *tendes*, *vindes*, *sondes*; pretéritos, futuros e presentes en *-ei*, *lebei*, *trocarey*, *nem sei*); nos pronomes persoais e demostrativos (é rechamante, p. ex., a ausencia de *il*, *iste...*, variantes tipicamente ourensás); na preferencia por *-ui-* < -ULT- (*muito*, *escuitar...*); no uso case exclusivo de *mai* fronte a *nai*, de *cordeiro* fronte a *año*, etc.; na morfoloxía nominal, como os plurais en *-ns* (*huns cachoipinhos*, *huns anginhos*) ou en *-is* (“porque andão *tartaranhois* / com sendas mil *avejois* / ós *empuxois* / lá por riba dos canissos”), etc.

<sup>17</sup> Son bastante frecuentes as referencias a Ourense, que cómpre investigar por outras vías, sen esquecer que serve de base a unha oportuna similitude *o(u)rense* – oriente (“os Reyes de Orense / que chegan en camelos”, S1666). Sería pouco razoable establecer unha relación entre a recorrencia do topónimo e esta impresión de maior concentración de trazos surorientais, pois non semella que houbese unha tal preocupación de verosimilitude.

## 5.4. O arrequentamento do tesouro lexicográfico

Os textos son unha fonte importante de formas e significados, con distintos graos de interese. Cómpre advertir de que se nalgúns casos poden ser documentacións auténticas de voces galegas, noutros poden ser só voces vulgares, anticuadas ou desprestixiadas noutros dominios, usadas aquí con afán caracterizador. Así pode ocorrer cunha voz como *adergar* (ou *adregar*, con metátese de <r>, se cadra para facela aínda máis rústica: “Eu poicas veces *adrego* / a bir à liçon de prima / (...) / que hum neno que he tam cachopo / *adregue* a ter tais noticias”, C1700), que Nunez de Lião inclúe entre os “vocabulos que usan os plebeios, ou idiotas que homẽs polidos não devem usar” (*Origem*, cap. 8); as documentacións máis fiables dos nosos dicionarios localízana como prov. miñota (A. Otero), o que non quita para que baixo a dobre forma *adergar* ou *adregar* fose acollida por Filgueira e Carré (*DD*: s.v.).

1. Hai voces para as que non atopamos nos dicionarios equivalencia, en ningunha das tres linguas implicadas, mais polo contexto é deducible total ou parcialmente o significado. Así, na liña denominativa de xefe, maioral..., atopamos COBODONEIRO [da mallada] (¿descendente de COADUNARE?), rexistrado en alomenos dúas ocasións ben diferentes: “El *cobo doneyro* / de mallada nuesa / mays fermoso e lindo / que el Sol, ni as estrelas” (T1647), “Ay, *covodoneiro* o chaman, / vamos a la sua mallada, / Ay, fermoso he garridiño, / jaze en o Pesebriño” (L1664). O neno é chamado tamén *garzone* (~ *garsone*) e *garsote*, cunha frecuencia que non deixa dúbida sobre a difusión na época que nos ocupa (“Dous galheguinhos de estante, / mey *garzone* escoitay / (...) / quem bos meteu, mey *garsone*, / querer co amor retoisar / (...) / Oyra, mey *garsone*, / já que bos aprás, / eísme torno à dança”, L1674; “Ay, garridiño he o *Garzone*, / mais que o filho do conde”, L1664; “lobregamos o *garsote* / em braços da mãy garrida”, C1696); son voces que faltan nos dicionarios galegos e portugueses, pero testemuñan a base das formas *garzon(e)ar* ‘namorar, pretender’, *garzonía* e *garzoneiría* ‘namoro’ presentes nos nosos dicionarios (*DD*: s.v.). Non é acaído o significado común de *aforro* para “e brando lle derán *aforro* / para cubijar la sua cama” (T1670), senón o de ‘cobertor, abrigo’, que conecta cos significados de *forro* e *forrar* (‘cubrir abrigando’ na *Crónica Troiana*) e con outros significados particulares de *aforro* e *aforrar* no galego actual (en Viveiro *aforrar* ‘prestar atención, coidar’: “aforrabamos máis as vacas ca a nosoutros mesmos”; *aforro* ‘táboas da tilla onde se deitan os mariñeiros’). O feito de que algunhas destas voces se poidan pór en relación con outras da mesma familia permite que esta se amplíe e complete, e asemade alicerza a validez do testemuño: por exemplo, en “Si o pastor *cordecio* suspira / quérole ben pois velando nos silva” (L1661), atopamos o diminutivo dun adx. ou adv. CORDE<sup>18</sup>, que semella significar ‘maino, calmo, apracible(mente)’ e que podería pertencer á mesma familia ca *cordo*, *cordado*, *cordura*... e *cordido* (Carré “acongojado”, *DD*: s.v.); do mesmo xeito, o FOLIJAR que se rexistra en varias ocasións (“ay, repicai, cantay, *folijai*, tangei!, L1648), ausente nos nosos dicionarios,

<sup>18</sup> É máis plausible esta base, a pesar de *-c-iño*, ca unha forma oxítóna; de por parte, no mesmo poema lemos *solcino*. En galego existe a expresión de *corde a corde*, mais non vemos a relación: “Cinguiulle un pao no lombo de corde de corde” (Suarna, *DD*: s.v.).

forma serie coas formas dialectais *folixa* (E. Rodríguez “Juerga [Lemos]”, Acevedo “Alegría, baile, fiesta. Ús. en gran parte de la prov.”) e *folixeiro* (E. Rodríguez “Juerguista [Lemos]”, García “[Vilardevós], juerguista.”) (DD: s.v.).

2. Non son poucos os casos en que os dicionarios acollen formas iguais ou semellantes con significados que non acaen nestes contextos, con maior ou menor distancia segundo os casos. En port, *fronha* significa “peça de roupa, em forma de manga, que envolve o travesseiro ou almofada de cama; *gír.*, pão; o rosto; a face” (DLP: s.v.), mais este non é o significado que se lle pode atribuír ó subst. FOROÑA, que non atopamos nos dicionarios e glosarios galegos, en “Quem vatoca / nas *foronhas* do enxido?” (C1705, ¿acaso ‘fronde, fronza...?’). En “Esta nossa solfia / se é oitro cantar, / onde a bos *se esteira* / té nom poder mais” (L1674), ESTEIRAR significa ‘espallar, alargar’, por máis que na base estivese o significado non translaticio ‘cubrir o chan con esteiras’, único que dan os dicionarios galegos e portugueses. O adx. *fundeiro*, raro en galego e que Carré acolle como “Hondo; que está en el hondo o al fondo. Que tiene mucha hondura o profundidad” (DD: s.v.), coma en portugués, aplícase nestes textos tamén ó plano conceptual: “a crareza com que exprica / os misterios mais *fundeiros*” (C1700).

3. Outros datos testemuñan voces moi minoritarias no noso acervo lexicográfico. Unha das formas máis repetidas nos vilancicos é o adx. *chouteiro*, con distintas variantes gráficas, pois forma parte esencial da caracterización dos galegos e as súas danzas: “Ay, faseme una saya / *chouteyra*, *chouteyra* <chuuteira> / para dar a bolta, / bolta na ribeyra / (...) / Ay, beñobos co sayo / *chouteiro*, *chouteiro* / para dar la bolta / bolta a lo ligeyro” (L1640). Non parece que a relación con *choutar* sexa no sentido de ‘que anda a choutos’ (“Retozón. Brincador, saltarín”, DD: s.v.) senón no de ‘que permite dar choutos’, e por iso reforza o testemuñado por Acevedo: “Calificativo que se aplica a la falda corta: *Teis uas senauguas chouteiras*. Por extensión, la mujer que las lleva: *Vas muy chouteira*. Ús. por los viejos del Navia al Eo”. Tamén non de raro rexístranse variantes infrecuentes ou descoñecidas doutras formas máis difundidas, como *enxergo* ‘xergón’ (“do cabeçal nem do *enxergo*”, L1666), forma masculina equivalente á feminina viva hoxe na contorna coruñesa (Carré, DD: s.v.).

4. Dedicamos unha alínea propia a consignar a presenza dun conxunto de voces dificultosas para os editores foráneos destes textos, nalgúns casos habituais ou diáfanas aínda para nosoutros, galegos do século XXI. Así, para un especialista da sabedoría e talla de Lapa é totalmente escura a voz *esporteiros*<sup>19</sup>, que designa sen dúbida os mozos que transportan mercancías en esportas (cast. *esportillero*, port. *carregador em alcofas*); tamén lle resultan alleas ou chocantes *cantiña* <cantina>, que emenda en *cantiga* a pesar de que rompe a rima (Lapa 1930: 60), *caterbada* (aínda sinónimo de *caterva* ‘conxunto desordenado de persoas ou animais’, se acaso con valor algo máis pexorativo: “ten unha *catervada* de fillos”), [cantar] *de bea* (coma en *estar de vea* ‘estar inspirado’), *rebinchar* (“está rebinchando por oibirme” [L1674], translaticio do significado que dan os dicionarios galegos, “Reventar

<sup>19</sup> “De *esporteiros*. Não sabemos se se trata dum nome geográfico, se do adjetivo *desporteiros* = alegres, folgazões, que não vimos contudo em nenhum dicionário galego” (Lapa 1930: 35).

o hender un fruto por exceso de madurez” e “Aumentar la madera de volumen al meterla en el agua”, *DD*: s.v.), *traquinada* (que no texto parece significar ‘trapallada, conxunto de obxectos de vario tipo’ [“repeni, pinicay, / as gaitinhas e os tambores, / as oitabas e as bioylas, / as soalhas e os rabotes, / genebras e castanhoylas / e toda a mais *traquinada*”, L1674], garda relación co verbo galego *traquinar* ~ *traquiñar* ‘zarapallar, buligar, facer cousas ás présas, estar inqueda...’, *DD*: s.v.), *silvar* (posible cast. por *asubiar*), *fragueiras* (‘penalidades’: “Disguei-me, meu neno, / assim bos bejais / libre das *fragueiras* / que o imberno fás” [L1674]; como substantivo falta nos nosos dicionarios, pero forma serie co adx. *fragueiro* ‘duro, agreste; que ten unha vida dura, infatigable’, *DD*: s.v.), *urnejar* (semella variante de *ornear*, que ademais do significado máis común [esp. *rebuznar*, port. *zurrar*, *orne(j)ar*], ten os de ‘falar toscamente’ e ‘choromicar’: “O que bos parece / do noso *urnejar*, / ca ‘stó rebinchando / por sabello já”, L1674), *rever* (habitual como ‘rezumar, zumegar; diminuír en volume’, aplicado a persoas pode adquirir o significado figurado ‘derreterse por’: “cuido bós estais / *rebendo* em oybirme / contra-pontejar”, L1674), [dar na] *matoita* (‘chencha’, forma serie con *matutar*, que tamén existe en portugués), *pao de roncar* (referido, sen dúbida, ó ronco da gaita), ou os xa mencionados *cordeciño*, *empralhar*, *covodoneiro*, *esteirar*.

## Conclusión

En definitiva, sendo certo que este conxunto heteroxéneo de textos non se pode tomar como unha fonte totalmente fiable de datos lingüísticos para o galego do Antigo Réxime, non o é menos que unha análise atenta, cautelosa e rigorosa deles pode achegar grandísimas cantidades de información sobre a variación cronolóxica e diatópica da lingua dos nosos devanceiros.

O estudo lingüístico e literario destes textos só será posible en toda a súa complexidade e amplitude partindo de boas edicións filolóxicas, que teñan en conta as versións existentes en diversos lugares e datas, formando parte dunha tradición cun alto grao de deturpación. Fan falla edicións críticas que axuden a establecer o texto, valéndose do cotexo entre as variantes que presentan uns e outros, guiándonos na determinación de cales son as formas orixinarias a partir das cales se orixinan as deturpadas, transmitidas duns a outros (cfr. *chunteira*, *chuuteira*, *choteira...*, por *chouteira*; *faga*, *faisa*, *fai já* por *faixa*, etc.); o coñecemento do stemma de cada peza, ademais de fornecer información sobre a circulación das letras, axudará a establecer en que territorio e en que sentido se operaron as modificacións que nos interesan para a historia da lingua. Finalmente, só por medio de edicións rigorosas, que advirtan a propósito da parodia, da imitación lingüística ou deturpación na transmisión poderá recoñecerse e inventariarse a variación lingüística real existente na altura.

¿Que mellor auditorio para romper unha lanza por este patrimonio? Remato chamando sobre deles a atención dos filólogos, nomeadamente dos filólogos galegos por partiren dunha posición máis doada, mais sempre contando con coñecementos ou apoios de especialistas nas outras linguas

e literaturas peninsulares. Ora ben, este é un campo de traballo por forza interdisciplinar, no que será preciso achegar esforzos coordinados, cando menos, desde os campos da filoloxía, da historia e da musicoloxía.

### **Bibliografía citada**

- BARBOSA, Francisco. “III. VILLANCICO. Gallega. «Ay cachopiño belo»”. *Villancicos que se cantaron en la iglesia parroquial de el señor san Miguel, de la ciudad de Xerez de la Frontera, en los Maitines de la Navidad de nuestro Señor Iesu Christo, este año de 1649. Compuestos por el licenciado Francisco Barbosa Presbitero, Maestro de capilla, y sochantre en la dicha Iglesia. dedicados a los curas, y beneficiados de la dicha Iglesia*. Impreso en Xèrez de la Frontera, por Diego Perez Estupiñan. Año de 1650.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón. “A Historia da historia (séculos XVI-XIX): aproximación a unha historiografía galega”. *IV Xornadas da Historia de Galicia*. Ed. de Xavier Castro / Jesús de Juana. Ourense: Deputación Provincial, 1988, 17-78.
- BRITO, M. Carlos de. *Estudos de história da música em Portugal*. Lisboa: Estampa, 1989.
- BUEZO CANALEJO, Catalina. “La figura del gallego en los villancicos toledanos de los siglos XVII y XVIII”. *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas*. Ed. de Ramón Lorenzo. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1992. VI, 417-447.
- Dicionário da Língua Portuguesa*. Priberam Informática / Porto Editora, 1996 [edición en CD].
- García, Constantino / Manuel González González (dirs.). *Diccionario da Real Academia Galega*. A Coruña: RAG-Xerais-Galaxia, 1997.
- GARCÍA, Constantino, et alii. *Atlas Lingüístico Galego*. Vol. 1: *Morfoloxía verbal*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza / Instituto da Lingua Galega, 1990.
- *Atlas Lingüístico Galego*. Vol. 2: *Morfoloxía non verbal*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza / Instituto da Lingua Galega, 1995.
- LAPA, [Manuel] Rodrigues. *Os vilancicos. O vilancico galego nos séculos XVII e XVIII*. Lisboa: ed. do autor, 1930.
- MICHAËLIS DE VASCONCELLOS, Carolina (ed.). *Cancioneiro da Ajuda*. 2 vols. Lisboa: Imprensa Nacional - Casa da Moeda, 1990 [Reprod. facs. da ed. de Halle: Max Niemeyer, 1904].
- NUNES DE LEAJO, Duarte. *Origem da língua portuguesa*. Ed. José Pedro Machado. Lisboa: Pro Domo, 1945.
- PENSADO, José Luis. *El gallego, Galicia y los gallegos a través de los tiempos (ensayos)*. A Coruña: La Voz de Galicia, 1985.
- SANTAMARINA, Antón (ed.). *Diccionario de diccionarios*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza / Instituto da Lingua Galega, 2001.
- SOUTO CABO, José Antonio (ed.). *A História de Dom Servando. Edição do*



*manuscrito e estudo*. Tese de doutoramento. Santiago de Compostela: USC, 1997.

VILLANUEVA, Carlos. “Los villancicos de los siglos XVII y XVIII como crónica de la vida diaria”. *Universitas. Homenaje a Antonio Eiras Roel*. Ed. de Camilo Fernández Cortizo / Domingo L. González Lopo / Enrique Martínez Rodríguez. Santiago de Compostela: USC, 2002. 203-216.

— *Los villancicos gallegos*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1994.

Álvarez, Rosario. “Autenticidade, imitación e parodia na lingua dos vilancicos “en galego” do século XVII”. *Actas do VII Congreso Internacional de Estudos Galegos. Mulleres en Galicia. Galicia e os outros pobos da Península. Barcelona 28 ó 31 de maio de 2003*. Ed. de Helena González e M. Xesús Lama. Sada: Edicións do Castro / Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG) / Filoloxía Galega (Universitat de Barcelona), 2007. ISBN: 978-84-8485-266-7. Depósito Legal: C-27912007.

